

**PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE RONDA ESTE, TRAMO PO-542 (PONTE BORA-O PINO) A
PO-532 (PONTEVEDRA-PONTECALDELAS). ACCESO A MONTECELO Y COMPLEJO
PRÍNCIPE FELIPE**

ANEJO Nº1: ANTECEDENTES

	Pág.
ANEJO Nº1: ANTECEDENTES	1
1. ANTECEDENTES	1
2. NECESIDAD DE OCUPACIÓN DE TERRENOS	1
3. COMUNICACIONES CON ORGANISMOS	2
3.1. TRAMITACIÓN AMBIENTAL DEL PROYECTO	2
3.2. SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE CONSTRUCCIÓN A AUGAS DE GALICIA	6
3.3. SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE CONSTRUCCIÓN A LA AXI	9
4. ANTECEDENTES TÉCNICOS	10

ANEJO Nº1: ANTECEDENTES

1. ANTECEDENTES

Durante los años 2012 y 2013, el Concello de Pontevedra y la Deputación de Pontevedra comienzan su colaboración para llevar a la realidad el tramo de la llamada "Ronda Este", que ya se contemplaba en el año 2007 dentro del Proyecto sectorial de accesos a Montecelo. Dicha colaboración se refrendó mediante un convenio de colaboración entre las dos partes, que definía que la redacción del proyecto constructivo de dicho tramo de la Ronda Este sería responsabilidad de la Deputación de Pontevedra.

En julio de 2014 se presentó el "PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE RONDA ESTE, TRAMO PO-542 (PONTE BORA-O PINO) A PO-532 (PONTEVEDRA-PONTECALDELAS). ACCESO A MONTECELO Y COMPLEJO PRÍNCIPE FELIPE", que sería aprobado definitivamente en Pleno en febrero de 2015 junto con la relación de bienes y derechos afectados.

Una vez levantadas las actas previas a la ocupación y solicitados los pertinentes permisos sectoriales a distintos organismos, surge la necesidad de recoger dentro del Proyecto las reposiciones de servicios, retranqueos de muros y cierres, cambios en caminos de accesos a casas, correcciones en secciones de firmes, etc. contemplados en las actas previas de ocupación y en los informes de los distintos organismos.

Por tanto, se toma la decisión de reformular la actuación inicialmente aprobada, dando como resultado este "PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE RONDA ESTE, TRAMO PO-542 (PONTE BORA-O PINO) A PO-532 (PONTEVEDRA-PONTECALDELAS). ACCESO A MONTECELO Y COMPLEJO PRÍNCIPE FELIPE".

2. NECESIDAD DE OCUPACIÓN DE TERRENOS

El 31 de octubre de 2014 se inicia el sometimiento a información pública del expediente de expropiación y la relación de propietarios y bienes afectados.

El 27 de febrero de 2015 se produce la aprobación definitiva de la relación de bienes y derechos afectados en el expediente de expropiación y ejecuta las mismas, de manera que los terrenos ocupados pasan a ser propiedad de la administración.


3. COMUNICACIONES CON ORGANISMOS

3.1. TRAMITACIÓN AMBIENTAL DEL PROYECTO

El 10 de junio de 2016 se inicia en el Servizo de Avaliación Ambiental de la Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de la Xunta de Galicia la tramitación ambiental simplificada del Proyecto.


El 2 de diciembre de 2016 se recibe en la Diputación de Pontevedra la resolución del Servizo de Avaliación Ambiental.

A continuación se presenta copia de la resolución por la que se formula el informe de impacto ambiental del proyecto.




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 14914 / RX 1719977 Data 29/11/2016 10:56:29



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Pazo Deputación Provincial
Avda. Montero Ríos, s/n
36071 Pontevedra

ASUNTO: REMISIÓN DA RESOLUCIÓN.
PROXECTO: CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE -TREITO PO-542 (PONTE BORA - O PINO) - PO-532 (PONTEVEDRA - PONTE CALDELAS)- ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE FELIPE.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DE PONTEVEDRA.
PROMOTOR: DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
CLAVE: 2016/0113.

Como continuación do escrito que esta secretaria xeral lles remitiu en data do 21.06.2016, e unha vez finalizado o período de consultas, achégase copia compulsada da Resolución do 15.11.2016 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se formula o informe de impacto ambiental do proxecto referido no encabezamento.


Xúntaselle á mesma unha copia dos informes dos organismos que se recibiron durante a tramitación (Instituto de Estudos do Territorio e Dirección Xeral do Patrimonio Cultural).

O informe de impacto ambiental poderán atopalo tamén na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e, nos próximos días, publicarase un anuncio do mesmo no Diario Oficial de Galicia (DOG).


Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016



O subdirector xeral de Avaliación Ambiental




Carlos Calzadilla Bouzón



Data Rexistro: 02/12/2016 11:06:13
Nº Rexistro: 2016121733

ENTRADA

PASEA Servizo de
Mobilidade
Pontevedra, 5/12-16
O SECRETARIO XERAL





RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016, DA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE -TREITO PO-542 (PONTE BORA - O PINO) - PO-532 (PONTEVEDRA - PONTE CALDELAS)- ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE FELIPE, PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (CLAVE 2016/0113).

De conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental (BOE núm. 296, de 11 de decembro) establece, no artigo 7.2., que os proxectos comprendidos no anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na Sección 2ª do capítulo II (título II) da dita lei.

O proxecto obxecto da presente resolución está incluído no anexo II, grupo 7, apartado i (*Construción de variantes de poboación e estradas convencionais non incluídas no anexo I*) da dita lei 21/2013, polo que de acordo co seu artigo 47, procede determinar se debe ou non someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1.-Obxecto do Proxecto, Descrición, Localización, Promotor e Órgano Substantivo.

O obxecto do proxecto é a construción dunha infraestrutura viaria, nunha zona amplamente antropizada e humanizada, que dea acceso ao complexo asistencial Príncipe Felipe e ao Hospital Montecelo e mellorar a mobilidade da zona leste da cidade de Pontevedra, podendo integrarse no futuro como parte da Rolda Urbana.

A actuación consiste na execución dunha vía que enlazará a estrada PO-542 coa estrada convencional EP-0003, resolvendo a intersección que se produce mediante unha glorieta. A solución definida continúa ata a conexión coa vía PO-532, cuxa intersección resolverase mediante unha nova glorieta, a cal, a súa vez, se enlazará coa vía que da acceso a Montecelo.

Dita vía terá unha lonxitude 970 metros e unha sección tipo consistente nunha única calzada, con dous carrís de circulación de 3,50 m, beiravías de 1,00 m e unha senda peonil (carril bicicleta + beirarrúa) de 4,00 m.

O promotor e órgano substantivo da actuación é a Deputación de Pontevedra.

2.-Tramitación.

Con data 10.06.2016 tense recibido neste Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos a documentación do proxecto titulado: "Construción da rolda leste, treito PO-542 (Ponte Bora - O Pino) - PO-532 (Pontevedra - Ponte Caldelas), acceso a Montecelo e Príncipe Felipe", aos efectos de solicitar o comezo da tramitación da avaliación ambiental simplificada.

O 21.06.2016 o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos notificou á Deputación de Pontevedra o inicio do período de consultas previas segundo o previsto no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

A relación de organismos consultados amósase na seguinte táboa:

RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016, DA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE- TREITO PO-542 (PONTE BORA - O PINO) - PO-532 (PONTEVEDRA - PONTE CALDELAS)- ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE FELIPE, PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (CLAVE 2016/0113).

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X	
Augas de Galicia		X
Concello de Pontevedra		X
Federación Ecoloxista Galega		X
Dirección Xeral de Conservación da Natureza		X
Sociedade Galega de Ornitoloxía		X
Sociedade Galega de Historia Natural		X
Instituto de Estudos do Territorio	X	
Deputación de Pontevedra		X

Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para o público en xeral a través da páxina Web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, non constando a recepción de ningunha resposta como resultado do trámite.

A continuación resúmense os informes recibidos:

- A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural informa que as obras de Rolda Leste. Tramo PO-542 (Ponte Bora - O Pino) - PO-532 (Pontevedra - Pontecaldelas). Acceso a Montecelo e Príncipe Felipe causan impactos sobre o patrimonio cultural existente e sinala que se deberán levar a cabo as medidas correctoras propostas no anexo 18 do proxecto construtivo. Así mesmo, tamén fai una serie de consideracións, que igualmente deberán levarse a cabo. As anteditas recomendacións recóllense no punto 4 do presente informe.

No informe tamén se recolle que nas fases posteriores do proxecto se teña en conta o seguinte:

- o Calquera modificación das características do trazado se comunicará á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- o Na fase previa ao inicio das obras, no contexto do control e seguimento arqueolóxico, é necesario que se leve a cabo una revisión dos impactos que o trazado pode xerar sobre o patrimonio cultural e unha valoración da idoneidade das medidas protectoras e correctoras establecidas, por se fose necesario modificalas ou establecer outras novas.
- o No suposto de detectarse novos elementos do patrimonio cultural no transcurso da realización das obras de construción, comunicarse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural co fin de adoptar as medidas oportunas.
- o É necesario levar a cabo unha medida correctora de carácter xenérico consistente na realización dun control e seguimento arqueolóxico das fases de replanteo, execución de obra e restitución dos terreos, co fin de evitar calquera afección sobre xacementos arqueolóxicos non detectados durante os traballos de prospección ou que polas súas características son imperceptibles a simple vista.
- o Todas as actuacións serán realizadas por técnicos arqueólogos de acordo cun proxecto presentado polo promotor de obra, que debe ser autorizado por esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, tal e como se estipula no artigo 95 e ss da Lei 5/2016, do 4 de maio, do

RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016, DA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE- TREITO PO-542 (PONTE BORA - O PINO) - PO-532 (PONTEVEDRA - PONTE CALDELAS)- ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE FELIPE, PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (CLAVE 2016/0113).



patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo. polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. O deseño e execución dos proxectos coordinarase coa Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

- O Instituto de Estudos do Territorio, considera que a construción da estrada implica a aparición dunha nova infraestrutura cuxos elementos constitúen unha alteración do carácter visual e paisaxístico da contorna. Neste senso indica que os impactos visuais e paisaxísticos máis salientables serán consecuencia da fragmentación de masas boscosas polo trazado da calzada, a realización de desmontes e terrapléns e a construción das rotondas de enlace previstas, principalmente a deseñada no acceso a Montecelo. Neste lugar, localizado nunha zona elevada, para acadar a cota da glorieta é preciso a realización de terrapléns con diversos muros de contención en ambas marxes da nova estrada, ademais de executar un importante desmonte para acoller a rotonda proxectada. Estima que estes movementos de terra van a xerar noiros que polas súas dimensións poden supoñer unha incidencia visual importante na contorna.

Como conclusión, polo que atinxe ás súas competencias en materia de paisaxe, considera que o proxecto de referencia pode provocar certos cambios significativos na paisaxe, polo que expón unha serie de recomendación que deben tomarse en consideración. Estas recomendacións quedan recollidas no punto 4 do presente informe.

3.- Análise segundo os criterios do Anexo III.

Criterio 1.- Características do proxecto.

O proxecto proposto consiste na construción dunha vía de 970 metros de lonxitude que conectará ás estradas PO-542, EP-0003 e PO-532, mellorando a mobilidade da zona leste da cidade de Pontevedra.

A vía disporá de dous carrís de circulación de 3,50 m, beiravías de 1,00 m e unha senda peonil de 4,00 m. Ademais executaranse dúas novas glorietas para resolver o enlace coas estradas PO-532 e EP-0003.

Criterio 2.- Emprazamento do proxecto.

O proxecto emprázase na zona leste da cidade de Pontevedra, en terreos cualificados como solo urbano polo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

No ámbito da actuación non se identifica ningún espazo protexido dos recollidos pola Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza nin da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade nin tampouco da Rede Natura 2000; sendo o máis próximo o ZEC Río Lerez, situado a aproximadamente a 2,5km ao norte da zona de actuación.

Dende o punto de vista do patrimonio cultural, atópanse no ámbito do proxecto unha serie de elementos patrimoniais que se van ver afectados polo trazado da vía.

Criterio 3.-Características do potencial impacto.

Segundo a documentación presentada e en base ao informes sectoriais recibidos, non se prevé a afección directa a ningún espazo natural protexido, de interese paisaxístico ou hídrico.

RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE- TREITO PO-542 (PONTE BORA - O PINO) - PO-532 (PONTEVEDRA - PONTECALDELAS)- ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE FELIPE, PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (CLAVE 2016/0113).

En relación ao patrimonio cultural, prevese que as obras de construción poderán causar impactos sobre varios elementos patrimoniais existentes. Se ben, o proxecto contempla no anexo 18 unha serie de medidas para corrixilos. Este conxunto de medidas deberá ser completado coas sinaladas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

4.- Condicionantes ambientais

O proxecto presentado contempla para a fase de obras -anexo 17 do proxecto construtivo- un conxunto de medidas tanto preventivas como correctoras relativas á xestión de residuos, protección da calidade do aire, protección do solo, protección do sistema hídrico, defensa contra a erosión, recuperación ambiental e integración paisaxística e protección contra ruídos. Estas medidas complétanse coas recollidas no anexo 18 relativas á protección do patrimonio cultural.

Todas a medidas contempladas no proxecto considéranse axeitadas, se ben estas deberán completarse coas sinaladas polo Instituto de Estudos do Territorio e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural nos informes emitidos o 22.07.2016 e o 28.10.2016, respectivamente.

De cara a procurar que o novo trazado acade a máxima integración paisaxística posible adoptaranse os seguintes medidas:

- Deberá minimizarse a eliminación de vexetación, e de ser o caso, deberanse reforzar as formacións vexetais existentes para evitar a aparición de áreas residuais e favorecer a transición ao mosaico agrario.
- Recoméndase a utilización de pantallas visuais, con especies autóctonas, para mitigar os impactos que podan provocar os muros de contención e noiros deseñados naqueles tramos do trazado que discorran próximos ás vivendas.
- Deberá procurarse a naturalización dos noiros e recheos para que adquiran as texturas e cromatismo da contorna.

Respecto do patrimonio cultural, adoptaranse as medidas e consideracións recollidas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

- En relación ao cruceiro no que na memoria do proxecto se menciona que debe ser trasladado pero que non é identificado na planimetría nin do que se aporta fotografía. Na fase de replanteo de obra deberase localizar, documentar e representar na cartografía de obra para poder valorar correctamente a afección e establecer as medidas correctoras oportunas. No caso de terse que trasladar, previa desmontaxe deberá presentarse, para a súa autorización pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o correspondente proxecto técnico no que se sinale o novo emprazamento e se definan as actuacións a realizar, os criterios, técnicas e materiais a empregar que, en todo caso, se axustarán aos tradicionais, así como o novo emprazamento.
- Respecto ao hórreo E2, deberanse tomar es medidas necesarias durante a execución das obras para non por en perigo a súa estabilidade.

RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE- TREITO PO-542 (PONTE BORA - O PINO) - PO-532 (PONTEVEDRA - PONTECALDELAS)- ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE FELIPE, PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (CLAVE 2016/0113).




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



- O hórreo E3 debe situarse correctamente na cartografía de obra (a súa localización na memoria de prospección do anexo 18 e incorrecta).
- Respecto aos muros en Pedra do Lagarto E4, E5 e E6, será factible a súa reposición.
- Deberase incluír dentro das medidas correctoras a desmontaxe e aproveitamento dos muros afectados para pechar as parcelas ás que pertencen e están a delimitar e que se ven afectadas polo trazado, levado a cabo por persoal cualificado que respecte a técnica coa que están construídos. Este criterio aplicarase tamén na reposición dos muros E7 e E9.
- Será necesario realizar os axustes precisos para que a vivenda E12 non se vexan prexudicada polas obras propostas.
- A revisión e limpeza dos elementos E4 Peche, E5 Muro e E6 Peche, deberá efectuarse polo director do proxecto de control e seguimento arqueolóxico.

Todas as actuacións serán realizadas por técnicos arqueólogos de acordo cun proxecto presentado polo promotor do proxecto, que será autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.



RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE- TREITO PO-542 (PONTE BORA - O PINO) - PO-532 (PONTEVEDRA - PONTE CALDELAS)- ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE FELIPE, PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (CLAVE 2016/0113).

5.-Proposta

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada propónse formular o informe de impacto ambiental que conclúe que, nos termos arriba recollidos, o proxecto de construción da rolda leste- treito PO-542 (Ponte Bora - O Pino) - PO-532 (Pontevedra - Ponte Caldelas)- acceso a Montecelo e Príncipe Felipe non é previsible que xere efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O xefe do Servizo de Avaliación
Ambiental de Proxectos

Manuel Díaz Cano



CONFORME:

O subdirector de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

RESOLVO formular o informe de impacto ambiental proxecto de construción da rolda leste- treito PO-542 (Ponte Bora - O Pino) - PO-532 (Pontevedra - Ponte Caldelas)- acceso a Montecelo e Príncipe Felipe, en cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da Páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal) e será remitido ao órgano substantivo.

De acordo co artigo 47.6 da Lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Benito Basanta

RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE- TREITO PO-542 (PONTE BORA - O PINO) - PO-532 (PONTEVEDRA - PONTE CALDELAS)- ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE FELIPE, PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (CLAVE 2016/0113).

3.2. SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE CONSTRUCCIÓN A AUGAS DE GALICIA

El 16 de junio de 2016 se envía a la Zona Hidrográfica Galicia Sur de Augas de Galicia la solicitud de autorización de construcción de la Ronda Este.

El 9 de noviembre de 2016 se recibe en la Diputación de Pontevedra la resolución de la Dirección de Augas de Galicia, autorizando la realización de la obra.

A continuación se presenta copia de la resolución de Augas de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
AUGAS DE GALICIA
Zona Hidrográfica

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Data Registro: 09/11/2016 10:08:12
Nº Registro: 2016114587

ENTRADA
gasdegalicia

3875
45/15
galicia
Acción
Ronda

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE AUGAS DE GALICIA (SERVIZOS CENTRAIS)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 08/11/2016 09:18:44

SÁIDA 9403 / RX 1590802



Asunto: Notificación de resolución
Data: - 7 NOV. 2016
Destinatario: Infraestruturas Deputación Pontevedra Avda. Montero Rios 36071 Pontevedra Pontevedra

Clave: DH.W36.53800
Expediente: Autorización de construcción ronda leste PO-542 Ponte Bora - O Pino, PO-532 Pontevedra - Ponte Caldelas na parroquia e concello de Pontevedra
Solicitante: Infraestruturas Deputación Pontevedra
Asunto: Resolución

Pola presente, notifícaselle a Resolución da Dirección de Augas de Galicia, que literalmente di:

Antecedentes

1. Con data 16/06/2016, A Deputación de Pontevedra, Infraestruturas, presenta na Zona Hidrográfica Galicia Sur a solicitude de autorización das obras descritas na cabeceira.
2. O anuncio de información pública envíase ao Boletín Oficial da Provincia o 26/07/2016, e publícase no núm. 149 de data 05/08/2016, sen que se presenten reclamacións na unidade tramitadora no prazo outorgado.
3. Con data 26/07/2016 remítese tamén o anuncio ao Concello de Pontevedra para a exposición no seu taboleiro de anuncios, sen que se presente ningunha reclamación durante o prazo de exposición, segundo o certificado que emite o Concello con data 19/09/2016.
4. Con data 26/07/2016 solicítase informe previo ao Concello de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 58.2 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril. Este informe non se recibe no prazo establecido, polo que se continua coa tramitación do expediente.
5. Con data 17/08/2016 o solicitante presenta documentación complementaria á solicitude.



6. Con data 07/09/2016 realizase unha visita de confrontación sobre o terreo, na que se comproba a concordancia entre o descrito no plano utilizado como base para a autorización e a realidade física do terreo. Constátase que as obras de drenaxe transversal, calculadas para un período de retorno de 500 anos, non salvan ningún cauce de dominio público hidráulico.
7. Con data 28/09/2016 a enxeñeira técnica de obras públicas deste Servizo Territorial de Augas de Galicia emitiu informe favorable ó solicitado.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Competencia para resolver

- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia
- Decreto 32/2012 do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia.

Segundo.- Lexislación aplicable:

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que a modifica (LRXPA)
- Texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA)
- Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril (RDPH)

Terceiro.- Artigos de aplicación específica:

- TRLA: artigo 2 (definición de dominio público hidráulico), artigo 6 (zonas de afección nas marxes)
- RDPH: artigo 78 (execución de obras na zona de policía de leitos)

De acordo con todo o exposto, o Servizo Territorial **PROPÓN:**

Autorizar a Infraestruturas Deputación Pontevedra, co DNI P3600000H as obras de construción ronda leste PO-542 Ponte Bora - O Pino, PO-532 Pontevedra - Ponte Caldelas na parroquia e concello de Pontevedra.

Esta autorización axustarase ao disposto pola Lei de augas e o Regulamento do dominio público hidráulico, ademais do cumprimento das seguintes **condicións:**



Xerais

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
2. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
6. O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.
Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.
8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.



Particulares

1. As obras consistirán na construción do vial denominado "Ronda Leste", que enlazará a glorieta existente na estrada PO-542 coas estradas EP-0003 e a PO-542. A estrada terá 970 m de lonxitude e situarase en zona de policía do río do Marco nos seus primeiros 60 m. A distancia mínima do vial ao dominio público hidráulico será de 55 metros (coordenadas UTM ETRS89 X:530.745 Y:4.696.313). A actuación consiste nunha vía dunha única calzada, con dous carrís de circulación de 3,5 m, beiravías de 1,00 m e unha senda peonil de 4,00m de ancho. Realizaranse tres obras de drenaxe transversal.
2. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.
3. Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.
4. Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
5. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.
De xeito especial, prohibese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.
Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.
Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.
6. Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc ata conseguir a súa situación primitiva.
7. O prazo para a realización das obras é de doce (12) meses contados a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a

validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

8. Rematadas as obras, comunicáraselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.

Vigo, 28 de setembro de 2016

O xefe do Servizo Territorial


Francisco Alonso Fernández

Vista a proposta de resolución do xefe do Servizo Territorial e considerándoa suficientemente motivada, de acordo co establecido no artigo 19 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia, elevase á Dirección de Augas de Galicia a presente proposta.

O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico


Roberto Arias Sánchez

De conformidade co artigo 15.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia, **RESOLVO OUTORGAR** a autorización, nas condicións sinaladas na proposta de resolución a Infraestruturas Deputación Pontevedra, co DNI P3600000H.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada ante o presidente de Augas de Galicia no prazo DUN (1) MES a contar dende o día seguinte á súa notificación, de conformidade cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela, -7 NOV. 2016

O director de Augas de Galicia


Roberto Rodríguez Martínez



3.3. SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE CONSTRUCCIÓN A LA AXI

Después de haber presentado en abril de 2016 en la Axencia Galega de Infraestruturas la solicitud para la ejecución de las obras relativas a este Proyecto, el 6 de junio de 2016 se recibe en la Diputación provincial de Pontevedra un informe negativo de la AXI al documento presentado, solicitándose una serie de correcciones en las zonas de inicio y final del nuevo vial, esto es, en las zonas donde el Proyecto afectará a las carreteras PO-532 y PO-542, de titularidad autonómica. Estas correcciones fueron tenidas en cuenta para la redacción de este Proyecto.

A continuación se presenta copia del informe.



Avda. Fernández Ladreda, 43-1º
36003 Pontevedra
Teléf.: 886 206 500 (Centralita)
Teléf.: 886 206 504/506 (Licenzas)
Teléf.: 886 206 501/503 (Sancións/danos)
Teléf.: 886 206 507/508 (Expropiacións)
Fax: 886 206 505



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
VIAS E OBRAS
AVDA. MONTERO RÍOS, S/N
36071 PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

ASUNTO: A súa solicitude de autorización para executar as obras recollidas no "Proxecto de construción de ronda leste. Tramo PO-542 (Ponte Bora - O Pino) a PO-532 (Pontevedra - Ponte Caldeas). Acceso a Montecelo e Príncipe Felipe".
A nosa ref.: Expediente: MT205A 2016/000091-4.

Xunto con este escrito remítese informe con relación ao proxecto especificado no asunto.

Pontevedra, 1 de xuño de 2016

O enxeñeiro de camiños, canles e portos

Alfonso Tenorio Aranguren



Avda. Fernández Ladreda, 43, 1º
Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
36003 PONTEVEDRA
Teléf.: 886 206 504 - 506. Fax: 886 206 505



ASUNTO OU PROCEDIMENTO: Autorización para executar o "Proxecto de construción de rolda leste. Tramo PO-542 a PO-532. Acceso a Montecelo e Príncipe Felipe".		Nº DE EXPEDIENTE: A2016/091 Informe nº 01	
SOLICITANTE: Deputación de Pontevedra			
CONCELLO: Pontevedra			
ESTRADA: PO-532 Pontevedra (N-541) - Ponte Caldeas (PO-255)			
TREITO:	P.Q. INICIO: 00+0870	P.Q. FINAL: 01+0100	MARXE: Ambas
TAXA: -	FIANZA:	PRAZO:	meses
INFORME TÉCNICO: Olo! Este expediente tamén afecta á estrada PO-542 Ponte Bora - O Pino, no seu p.q. 6+160, m.d.			
<p>1. Emítase este informe con relación ao "Proxecto de construción de rolda leste. Tramo PO-542 a PO-532. Acceso a Montecelo e Príncipe Felipe", asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Iñaki Cubillo Bueno, da empresa Eptisa, e presentado en CD-rom xunto coa solicitude de autorización das obras o día 22/04/2016 no rexistro do edificio administrativo en Pontevedra da Xunta de Galicia con número de entrada 51384/RX1076325.</p> <p>2. Ao meu xuízo, cómpre requirir ao solicitante que subsane os seguintes aspectos no proxecto:</p> <ol style="list-style-type: none"> Anularase a conexión directa da rúa Moldes coa glorieta da PO-532, xa que se considera perigosa por estar pegada ao acceso dende a PO-532 en sentido ascendente, ademais de que non é recomendable superar os catro accesos a unha glorieta. Conectarase a rúa Moldes coa rolda leste no seu p.q. 0+800 aproximadamente. Na entrada á glorieta dende a estrada PO-532 en sentido ascendente ocorre que: a visibilidade á esquerda na aproximación non conta co despexe de obstáculos recomendable; ten un ángulo de entrada bastante pequeno que, xunto coa configuración da glorieta e da saída da PO-532 en sentido ascendente, favorece a alta velocidade; ten unha saída moi próxima; e por último é a única entrada sen paso de peóns sobreelevado. Por todo isto, proxectárase un paso de peóns sobreelevado na PO-532, en sentido ascendente, antes da glorieta, con bandas transversais de alerta. Proxectáranse bandas transversais de alerta antes de cada paso de peóns sobreelevado, con tacos se non hai vivendas a menos de 50 metros. Verificarase nas glorietas que cada paso de peóns é visible enteiramente dende a liña de ceda o paso da entrada anterior. O firme da glorieta da PO-532 proxéctase para un tráfico T41 (IMDp entre 25 e 50), cando segundo o programa Afoxun da AXI en 2015 a IMDp se situou entre 100 e 200, á que lle corresponde un tráfico T31. Polo tanto, hai que volver dimensionar o firme desta glorieta. Substituírse na sección de firme da glorieta da PO-532 e da propia PO-532, a unidade de obra 'macadam bituminoso', por unha unidade de obra recollida no PG-3 e na vixente instrucción de firmes. Tocante á accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, non se xustifica o cumprimento da normativa vixente, nin estatal (Orde VIV/561/2010) nin autonómica (Decreto 35/2000). Só se xustifica que se cumpre o RD 1544/2007, sobre accesibilidade aos modos de transporte, que ao meu xuízo non vén ao caso. O cumprimento reflectirase tamén nos planos de seccións tipo. Nos sinais de presinalización S-200 e de dirección S-300 cambiarase o destino 'Ponte Bora' por 'N-541 Ourense', e 'O Pino' por 'N-550 Vigo', 'AP-9 Santiago Vigo' e 'PO-11 Marín'. Suprimíranse as conexións da pista-bici proxectada coas beirarrúas das estradas PO-542 e PO-532, e no seu canto proxectáranse transicións para os ciclistas entre a circulación nos carrís de cada estrada autonómica e a circulación na pista-bici proxectada. Para isto, pódense seguir os criterios do documento "Criterios e recomendacións de deseño e trazado de vías ciclistas" do Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia, dispoñible na web da Dirección Xeral de Mobilidade e da AXI. Proxectárase un paso de peóns sobreelevado para dar continuidade ao itinerario peonil da beirarrúa existente na marxe dereita da PO-542. 			
PRECARIO:	EN: Pontevedra O enxeñeiro de camiños, canles e portos	DATA:	01/06/2016
Alfonso Tenorio Aranguren			

4. ANTECEDENTES TÉCNICOS

Los estudios previos que han servido de base para el desarrollo del presente proyecto de construcción son los siguientes:

- Plan provincial de carreteras 2008-2018.
- Estudios previos realizados por el Concello de Pontevedra en el año 2007, como consecuencia del acta de la reunión mantenida por la mesa M4, en la que se encontraban representantes de las Administraciones Central, Autonómica, Provincial y Local, con objeto de llevar a cabo actuaciones para la mejora de la movilidad en el Concello de Pontevedra.
- *PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE RONDA ESTE, TRAMO PO-542 (PONTE BORA-O PINO) A PO-532 (PONTEVEDRA-PONTECALDELAS). ACCESO A MONTECELO Y COMPLEJO PRÍNCIPE FELIPE*, redactado por Eptisa y presentado en julio de 2014.

A continuación se presentan los planos correspondientes a los estudios previos mencionados.